

19/2019. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2019.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugaros, sendo as once horas e trinta e dous minutos do día doce de setembro do ano dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria urxente e primeira convocatoria, baixo a presidencia da alcaldesa-presidenta Dña. María del Pilar Díaz Otero, con asistencia das/dos concelleiras/os D. Iván Martínez González, Dña. María Dolores González Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dña. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, Dña. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dña. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora accidental municipal, Dña. Mercedes Ocampo Santiago (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 19.02.2015, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 938/2019 de 11.09.2019).

Actúa como secretaria accidental a funcionaria, Dña. Beatriz Santiago Yáñez, en virtude do nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 10.09.2019, e de acordo coa comunicación efectuada á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia en data 10.09.2019, ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 934/2019, de 11.09.2019.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA.

Sra. Alcaldesa: O primeiro punto da orde do día sería a... a ratificación, se procede, do carácter urxente da convocatoria. Bueno, como coñecedes xa todos os concelleiros e concelleiras, este pleno estaba previsto e convocado de forma extraordinaria para o martes, e non foi posible, dado as circunstancias persoais do funcionario que ten que estar presente de forma obrigatoria, e o mesmo tempo, convócase con carácter urxente, dado que o día 13 de setembro remata o prazo para a presentación do POS de maior achega 2019. Abrimos un turno de intervencións, senón sometémelo a votación: votos o favor do carácter urxente da convocatoria...

E tra-la exposición dos motivos que xustifican a urxencia sométese a votación o carácter urxente da convocatoria, e o Pleno do Concello, por unanimidade, acorda ratificar o carácter urxente da convocatoria.

2.- 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) ADICIONAL 1/2019.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medio Ambiente realizada en data 28.08.2019, por 8 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e 5 votos en contra (5 PP), **ACORDA:**

1.- “Participar na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora de servizos e pavimentación na rúa Rosalía de Castro	74.365,52 €	42.987,77 €	117.353,29 €
Ampliación da rede municipal de saneamento de augas residuais en O Monte (Santiago de Franxa)	69.538,25 €	36.203,71 €	105.741,96 €
TOTAL	143.903,77 €	79.191,48 €	223.095,25 €

Maior achega provincial asignada ao concello	230.841,99 €
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	86.938,22 €
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	143.903,77 €

2.- Declarar que o concello está en trámite para ter a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e

no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

DELIBERACIÓN

Sra. Alcaldesa: Pasamos entón ao 2º punto da orde do día, que sería a 2ª fase do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan único de Concellos) Adicional 1/2019. Vén ditaminado da... da comisión de obras, ven ditaminado da comisión de obras do día 28 de agosto, que sería a Segunda fase do Plan Provincial, como dicíamos antes con 4 VOTOS A FAVOR (EU-SON-EN COMÚN, PSOE E BNG) e 2 en CONTRA (2 PP).

A Proposta sería participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019, e a proposta sería: Mellora de servizos e pavimentación na rúa Rosalía de Castro e a financiación dos investimentos sería: Deputación 74.365,52 €, O Concello 42.987,77 €, o que farían un orzamento total de 117.353,29 €, e a segunda obra sería a Ampliación da rede municipal de saneamento de augas residuais en O Monte (Santiago de Franza), e a financiación por parte da Diputación 69.538,31 €, o Concello 36.203,65 €, e o total do orzamento 105.741,96 €, o que fai que a Deputación aporte 143.903,83 € e o Concello 79.191,42 €, e como todos saben xa na 1ª Fase se confirmaran as obras que tiñamos xa aprobadas no Plan Complementario por un valor de 86.938,22 €. Bueno, abrimos un turno de intervencións:

Sra. Alcaldesa: Eh... Gemi.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, bo día a todos e a todas, nós simplemente dicir que como xa fixemos na comisión vamos a votar a favor destas obras porque entendemos que son obras totalmente necesarias para toda a veciñanza, pero sen perder a esperanza de que no Plan Único de Concellos do ano 2020 vaia polo menos a memoria valorada do, da cubrición da Pista Polideportiva dos Catro Camiños, algo que levamos anos reclamando e que todos os grupos que hoxe temos representación aquí no Pleno da Corporación entendían que era un proxecto moi necesario.

Sra. Alcaldesa: Miguel..

Sr. Mahia Prados: Sra. Alcaldesa, srs. Concelleiros, bos días, eh...antes de comezar este turno queremos que, dende o grupo Popular, queremos que conste en acta o

agradecemento ao grupo de emerxencias supramunicipal Ges, á Asociación de, bueno Pulpeiros BTT, e as Agrupacións de voluntarios e persoal implicado na, na extinción do incendio de Monte Faro e agradecer as labores de mantemento e conservación que realizan na, no noso Concello.

Ben, iniciando este primeiro punto, a 2ª Fase do Plan Provincial de Cooperación de Obras e Servizos, nós a verdade e que, hai varias cousas que chaman a atención no, dixémolo na propia comisión, de acordo coas bases do, do POS, a 2ª Fase do Plan de Obras e Servizos adicional da, da Deputación, eh.. di na súa páxina 3 que o acordo adoptado polo Pleno do Concello solicitando inclusión de este Plan Adicional dos novos investimentos segundo o modelo que figura na plataforma SUBTEL, que o acordo deberá indicar a denominación dos novos investimentos financeiramente sostibles solicitados, desagregando a achega provincial aplicada, e de ser o caso, a achega municipal que voluntariamente se realice. No caso de realizar a achega municipal se deberá declarar que o Concello ten crédito ou se compromete a consígnalo no seu orzamento e sobre o seu financiamento. Ben, na resolución de proposta de acordo, que firma a Sra. Alcaldesa, Díaz Otero, nos puntos 2 e 3 declara como Alcaldesa que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, auga e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións administrativas que legalmente lle sexan necesarias. Eu solicitei acceso ao expediente de expropiación ou o certificado conforme dispoñibilidade de estas obras por parte do, do Concello, e a día de hoxe, bueno non se, non se me entregou, polo tanto, se está, se existe rogaría facer un receso breve, de 5 minutos para poder velo e dar, pois que estou de acordo, que este grupo está de acordo en que este aspecto se cumpla, no que si que non estamos de acordo que se poda cumprir ou non, porque non hai lugar a dúbidas é no punto 3. O punto 3 di declarar que o Concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no Orzamento Municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos financeiramente sostibles que se inclúen na 2ª Fase do POS Adicional, ben, neste parágrafo hai dúas cousas que chaman a atención: a primeira é a de, os investimentos financeiramente sostibles, eh... parte dos terreos segundo dixó a Alcaldesa, que así consta na acta, estaban pendentes dunha serie de expropiacións ou de adquisición de, de terreos. Cando se faga ou se fai o POS, a achega que pon a Deputación, parte da obra vaina acometer a Deputación e parte o Concello, pero non están incluídos os gastos que ten que facer o Concello polo coste da expropiación dos terreos, e nós dubidamos moito de que unha expropiación sexa unha operación financeiramente sostible, pero bueno iso terán que dicilo os técnicos, e os técnicos dino, dino porque no informe da interventora do Plan de, deste Plan que vén hoxe, a ampliación da rede de saneamento de augas residuais no Monte, en Franza, e a mellora de servizos de pavimentación na Rúa Rosalía de Castro, a interventora di no seu informe que vou ler para que conste en acta textualmente, a parte que di: *CONCLUSIÓN: Por todo o anteriormente exposto esta intervención de conformidade ao artigo 215 do TRLRFL, formula o correspondente reparo, posto que a presente modificación orzamentaria afecta ao teito de gasto e estabilidade orzamentaria, e posto que non se adoptaron os oportunos acordos de non dispoñibilidade de crédito, esta intervención non entende garantido o cumprimento de estabilidade neste exercicio e menos se financiamos máis gasto co remanente líquido de tesourería para gastos xerais*, e dicir, vostede neste informe que di a intervención acerca da dispoñibilidade orzamentaria para acometer estas, estas obras, perdón... non dispón dos, dos elementos necesarios para certificar que vostede ten existencia de crédito. Ademais disto, porque hai que

seguir abondando no, no tema, a conclusión di: *O proxecto reivindicado incump..., cumpriría perdón, cumpriría os requisitos para ser considerados financeiramente sostibles sempre e cando, cando se adoptasen os acordos de non dispoñibilidade de crédito e estivera en vigor o PEF*, e dicir, segundo o informe da interventora non cumpre, dío a interventora, non o digo eu e, dio perfectamente nestes dous informes que aparecen un de cada obra, que cumpriría si tivera o PEF, eh... o AND, polo tanto, o informe é desfavorable, vostede non cumpre, entón a min gustárame que me aclarara, e finalizo o primeiro turno, gustárame que me aclarara, eh.. á vista de que os informes non cumpren, eh.. non, non sei o que pode pasar, a verdade, se por parte de Deputación se nos dá para atrás este proxecto porque non cumpre segundo di o informe da intervención; que ten pensado facer o Concello de Mugar dos que vostede representa, como Alcaldesa?

Sra. Alcaldesa: Bueno, antes de iniciar o 2º turno, vou intentar contestar, creo que xa o debatemos na comisión e vamos empezar pola dispoñibilidade de terreos no Monte, a proposta que, e o ditame da propia sesión extraordinaria que non lin na súa integridade, no punto núm. 2 di: Declarar que o Concello está en trámite para ter a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a a execución dos investimentos e que ten resolto todo relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, creo que xa o advertimos e xa o comentamos na propia comisión, que se fixera unha consulta por parte do departamento técnico do Concello de Mugar dos a Deputación, se este podía ser un asunto que ditaminara por parte da Deputación que puidera quedar excluída esta obra, por parte de Deputación faise a aclaración de que ten que ir incluído no propio ditame e no propio acordo que se transmite á Deputación que o Concello está en trámite para ter a dispoñibilidade dos terreos, dispoñibilidade dos terreos e valoración que está incluída no propio proxecto para o abastecemento dos, para o saneamento do, do Monte e que ascende, se mal non me equivoco a 300 €. En canto a si son ou non financeiramente sostibles, creo que o di o propio informe da intervención no primeiro punto que serían financeiramente sostibles, pero que para dispoñer o Concello de crédito como en moitas outras obras que se fixeron ten que ter aprobado o DEFO, que é o que este, se está a referir, as obras van a ser, como todo o mundo coñece, eh... executadas e aprobadas por parte de Deputación non antes do ano 2020, e polo tanto, o Concello pensa cumprir con esa condición, e polo tanto, poder executar, executar as obras.

Abrimos un segundo turno, eh.. Miguel.

Sr. Mahia Prados: Si, vostede mesma o acaba de dicir agora, pensa cumprir, pensa, pero vostede non pode certificar que é o que di a resolución da Alcaldía, que ten crédito, vostede pensa que terá crédito, pero non pode certificalo, aí hai un conflito importante, porque non son o mesmo pensar que certificar, un secretario municipal cando certifica non pensa, certifica, igual que vostede cando fai unha resolución é un acto administrativo regrado, é e un acto, non é o que pensa, é un acto. Ben, este POS, o POS do ano 19, diste ano que temos hoxe, eh.. en vigor, comezou na súa primeira proposta cun aparcadoiro de autocaravanas e cun aparcadoiro no Loyola, o aparcadoiro de autocaravanas meteuse, creo recordar que fora por marzo ou abril, porque había un grupo neste Concello que hoxe non está representado, que tiña ese proxecto, e vostede incluíuno, despois de que ese grupo xa non estivera no Concello sacamos o aparcadoiro de caravana e metemos a Pavimentación de Rosalía de Castro, que é o

primeiro POS que se trouxo a comisión, a debate eh.. desta lexislatura, pero oh sorpresa!, que o problema que ten vostede cando leva as cousas á comisión sen informes, resulta que o aparcadoiro do Loyola non cumpría os, os parámetros urbanísticos para facer un aparcamento, porque o terreo ten a certificación urbanística, bueno, a cualificación urbanística, perdón, que lle corresponde, entón temos que eliminar o aparcadoiro de Loyola, porque non cumpre, ese é o problema de facer os expedientes sen ter os informes cando hai que telos que é antes de tomar as decisións, é incluía a rede de saneamento de, en Franza. Nós dixémolo en comisión, mantémolo aquí, non estamos absolutamente en contra de estas obras, as obras apoiámolas, o que non apoiámos é a forma de, que ten vostede de conformar este expediente e de pasar o rodillo, porque a ningún grupo da oposición, polo menos o grupo Popular, vostede nin intentou negociar, nin presentou ningún tipo de proposta, nin nos deixou presentar a nós ningún tipo de proposta, nós xa presentamos, nós dixemos que queríamos repoñer o parque da Urbanización do Pazo das Condesas, que se mirara de incluír neste POS Adicional, e hoxe pedimos en comisión que se convocara xa aos grupos da oposición, para negociar de cara ao POS 2020, e que non pase o que pasou eh... o ano, este mesmo ano, este mesmo POS, o ano pasado, que foi que o perdeu, recuperouno, meteu unha resolución para gañar tempo e foi un circo. Entón, nós pola nosa parte, estes cambios que houbo durante todo o POS, a verdade e que é a primeira vez que vén un informe desfavorable de intervención a un POS, porque vostede non fai o que ten que facer como rexedora deste Concello que é cumprir a normativa vixente en materia de acordos de non dispoñibilidade de crédito e en materia do PEF, e hai certas cousas tamén das que falaremos noutro momento, non hoxe, pero este POS é como un mister Potato, cámbianlle as pernas, cámbianlle os ollos, cámbianlle todo e queda como un Picasso, porque temos estes proxectos si os cambiamos, minte nas comisións, di que non hai máis proxectos, de repente sae un proxecto debaixo da manga, teñen unha facilidade para improvisar e iso nótase, e as consecuencias da improvisación é o informe de intervención que acompaña estas dúas propostas, que é que non cumpre, Sra. Díaz, cumprirían vostedes se fixeran os acordos de non dispoñibilidade de crédito e retiveran os cartos de determinadas partidas e fixeran un plan económico financeiro, pero non o queren facer, queren que pase o tempo e o ano que vén cos presup...., cos orzamentos prorrogados ou novos, depende se, como dixo o Presidente da Comisión de Facenda, amañen as súas discrepancias dentro do goberno, pois igual temos orzamentos ou igual non, vai depender de vostede tamén, nós a nosa postura e clara, estamos a favor das obras, non estamos a favor de como levaron este expediente, así que por favor, como rogo deste, deste grupo, que hoxe represento neste, nesta intervención, dialogue Sra. Díaz, que esa é a base da política, non a imposición.

Sra. Alcaldesa: Ben, recollo o diálogo, pero parece que hai diálogo porque houbo varias comisións, de feito houbo varios intentos de diferentes obras, segundo acaba de relatar o voceiro do Partido Popular, e é obvio que o único grupo que vai a votar en contra vai a ser o Partido Popular, como sempre refuxiándose nunha argucia, salvo cando estamos próximos ás eleccións que votamos a favor as modificación de crédito, incluso tendo a advertencia por parte da intervención de que vamos a cumprir o teito de gasto, e polo tanto, como consecuencia diso temos que facer o plan económico financeiro agora, pero bueno, estamos ó principio da corporación e polo tanto todos os discursos valen. En todo caso, as obras do POS, de todos os POS que se aprobaron nunca foron coa dispoñibilidade de crédito, sempre quedou pendente da dispoñibilidade de crédito, e algúns de diferentes autorizacións para concreción

das obras tal e como vai neste POS.

Bueno dito isto, vamos someter a votación. E... votos a favor, e en contra...

3.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 17/2019.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a aprobación do expediente de modificación orzamentaria nº. 17/2019, e o Concello Pleno, tendo en conta proposta formulada pola alcaldía en data 23.08.2019, o informe da interventora municipal de data 23.08.2019, obrantes no expediente, e o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 28.08.2019, por 8 votos a favor (4 EU-SON-EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e 5 votos en contra (5 PP), ACORDA:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 17/2019**, de crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, por importe de **42.149,29 euros**, de acordo co seguinte esquema:

1º CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS (partidas non dotadas no orzamento)

PROX.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINS A QUE SE DESTINAN OS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN
	231.63200	Obra de Rehabilitación de vivenda unifamiliar entre medianeiras situada na parcela con dirección Rúa Ferrol,11.	42.149,29 €

2º FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

A) Con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de **42.149,29 €**.

REMANENTE DE TES. PARA GASTOS X. RESULT. LIQUIDACIÓN 2018	2.097.429,12
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 11/2019	176.829,69
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 12/2019	521.981,31
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 17/2019	42.149,29
= REMANTE DE TES. PARA GASTOS XERAIS DESPOIS DESTE EXP. DE MOD 17/2019	1.356.468,83

B) Con cargo a novos ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos no Orzamento corrente **por importe de 0 €**.

C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial de outras partidas do Estado de Gastos do orzamento en vigor, cunhas consignacións susceptibles de redución por importe de **0 €**.

D) Recursos procedentes de operacións de crédito, 0 €.

Con cargo a baixas por anulación total ou parcial de outras partidas do Estado de Gastos do orzamento en vigor

RESUMO	
Remanente líquido de tesourería para gastos xerais	42.149,29 euros
IMPORTE TOTAL DA OPERACIÓN	42.149,29 euros

2º.- Expoñer o expediente de modificación de créditos ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Tal é a miña proposta non obstante o Pleno do Concello previo ditame da Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, adoptará o acordo que estime máis pertinente.

3º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

DELIBERACIÓN

Sra. Alcaldesa: Pasamos ao seguinte punto, que sería a modificación orzamentaria 17/2019. Vén informada da comisión de Facenda, bueno da comisión de facenda do día de 28 de agosto de 2019, cos votos a favor de Esquerda Unida-Son-En Común, Partido Socialista e BNG, e os votos en contra do grupo municipal do Partido Popular. Sería a modificación de crédito núm. 17/2019 por valor de 42.149,29 €, para a obra de rehabilitación de vivenda unifamiliar entre medianeiras, situada na parcela con enderezo Rúa Ferrol, 11, toda vez que a Xunta de Galicia concedeu unha subvención de 40.000 € para poder facer esta obra de rehabilitación dunha vivenda municipal para alugueiro social. Abrimos un primeiro turno de intervencións. E... Miguel

Sr. Mahia Prados: Si, eh... non poido deixar pasar, porque aparte son temas relacionados non, como é ter que facer modificación orzamentarias e isto é unha modificación orzamentaria, son temas tanto o POS como isto que van moi ligados. O problema que teñen as

modificacións orzamentarias é que non se fan soamente votadas nun Pleno, e para tocar o teito de gasto dun concello non é necesario un acordo plenario. Pode facer vostede coas modificacións orzamentarias que realiza como Alcaldesa e que non se decatara ningún concelleiro, non ten porque decatarse, nin sequera os do seu propio goberno, que penso que non o saben, e que vostede fai as modificacións orzamentarias por resolución sen ter que dar nin conta nin explicacións a ninguén, porque precisamente unha das atribucións que hai desta nova corporación, da que vostede se sente tan orgullosa é que a Xunta de Goberno non ten máis que as competencias básicas, as comisións son cada mes, e vostede creo que é a Alcaldesa dende que hai democracia neste concello, que tivo máis poder administrativo nunha soa persoa, porque pódoo facer todo vostede cunha firma, entón cando fala de modificacións orzamentarias e que incumprimos o teito de gasto, e tal, e que a culpa é do Partido Popular, mire, as cousiñas claras e o chocolate espeso Sra. Díaz, quen goberna este concello é o goberno, e nós estamos na oposición, quen executa con actos administrativos o funcionamento dun concello é a Alcaldesa, non é a oposición, e quen incumpre a lei, porque creo que vostede ten a mesma carta que teño eu non, de tema de legalidades administrativas e tal, quen incumpre a lei neste concello, tamén modificacións de crédito, recoñecementos extraxudiciais e todas estas cousas que están pasando e que a ver a onde van acabar, e vostede, non é a oposición, cando vostede fala aquí de que o PP vota en contra do POS porque e inicio de campaña, non Sra. Díaz, nós votaríamos a favor do POS se vostede cumprira a lei, e que é moi sinxelo, é tan sinxelo como iso. Se fixera os AND e fixera o PEF nós votabamos a favor, de feito a lexislatura pasada votamos a favor cousas con vostede, recórdollo, porque nos antepoñemos Mugardos ás siglas, porque para eso nos votaron os veciños, non para mirar nin por intereses personalistas nin farrapo de gaitas, nós estamos aquí para solucionar o día a día dos veciños e por iso tamén temos o apoio maioritario deles, as cousas como son, bueno referente a esta modificación de crédito, o informe de intervención no seu punto sétimo di que na tramitación dos expedientes hai que, bueno cumprir, o... a estabilidade orzamentaria, a regra de gasto, que fai mención a Lei 2/2012 do 27 de abril e cito textualmente: Convén clarexar que este Concello tiña en vigor un plan económico financeiro para o período 17-18 e que unha vez que unha entidade aproba un PEF, a senda de crecemento é establecida no propio PEF, así o establece o parágrafo 12.1 da lei..... e o acordo do Consello de Ministros do 7 de xullo, polo tanto coa liquidación do segundo exercicio do 2018 e vixencia do PEF constatouse o incumprimento dos obxectivos fixados, en primeiro lugar a Entidade está obrigada a adoptar os acordos de non dispoñibilidade para corrixir dito incumprimento. Con motivo do incumprimento do PEF 2017-2018 vostede ten que facer un acordo de non dispoñibilidade de crédito de 607.446,43 €. Ten que aprobala en quince días desde que se produce o incumprimento a non dispoñibilidade de crédito, facer as retencións de créditos e nun mes a aprobación do PEF. Non o fixo, isto xa vén desde abril, non o fixo e mire non vamos a xogar a ser adiviños, non, pero mire se non estamos tan seguros de que nin o vai haber nesta lexislatura, nin vai haber, bueno perdón, neste ano, nin vai haber acordos de dispoñi..., de non dispoñibilidade de crédito, porque vostede o que quere é que pase o ano, orzamentos novos, e vostede mesmo o dixo, vamos a cumprir, pero non se esqueza que vostede non certifica, pode dar unha opinión, pero vostede non sabe se vamos a cumprir ou non vamos a cumprir. Esta modificación de crédito, vaia por diante, para o tema das, da mellora da vivenda, dunha subvención, vén dun proxecto que se adheriu este Concello no ano 2016, sendo Alcalde Juan Domingo De Deus, do convenio de vivendas da Xunta de Galicia,

nós non estamos para nada en contra de que se sume a esta modificación, a esta subvención e que esa casa se poña a disposición da xente que o necesita, pero recalco o mesmo que dixen o principio desta intervención: Cumpra coa lei e ten o noso voto a favor nas cousas que beneficien a Mugar dos, nós non imos a ser cómplices de nada Sra. Díaz, quen queira ser cómplice de vostede creo que xa sabe onde se senta.

Sra. Alcaldesa: Bueno, antes de pasar ao segundo turno eh... creo que debería de ser prudente o voceiro hoxe do Partido Popular, sobre as supostas ilegalidades e sobre as continuas e constantes referencias a Rúa Coruña, eu creo que debería de ser prudente, creo que debería de ser prudente. Unha vez dito isto e sen determe niso porque non é o obxecto do debate, o obxecto do debate é a modificación de crédito para poder destinar unha vivenda municipal, para pódela rehabilitar á eh... un alugueiro social, e creo que iso é o importante do que se trae hoxe, hoxe aquí. Esta modificación de crédito que permita por primeira vez ter unha vivenda rehabilitada, de propiedade municipal, que vai estar por un tempo non inferior a vinte anos desde a finalización das actuacións subvencionada, para alugamento de unidades de convivencia, eh.. e en segundo, en segundo lugar, gustárame, creo que por baixar o ton das, das intervencións, que este é un bo proxecto para Mugar dos, tamén recordarlle que a iniciativa de que o Concello se adherira ao programa de vivendas baleiras foi dun grupo que hoxe non está na corporación, pero que o proceso de sinatura da adhesión eh... se firmou non por Juan Domingo de Deus, e que esta rehabilitación de vivenda non vén ao amparo dese programa de vivendas baleiras, vén ao amparo dunha subvención que convoca a Xunta de Galicia, que convoca todos os anos a Xunta de Galicia para rehabilitación de vivendas de mestres e vivendas municipais, é ao amparo do que vén que é un proxecto que se fixo no ano 2018, que primeiro se presentou a Seitura, e logo se presentou á Xunta de Galicia, que tivo a ben, e nós alegrámonos de conceder 40.000 €. para que isto poida ser posible, e con isto, non o comentei antes, pero o proxecto de autocaravanas non desapareceu da axenda do goberno, porque non estea o grupo municipal aquí, creo que xa o expliquei na propia comisión, as dificultades que tiñamos con ese proxecto, que se enviara a documentación a Augas de Galicia e que polo tanto se estaba tramitando a súa autorización, en todo caso, eh...volvo a dicir por última vez, requiro prudencia en canto as ilegalidades administrativas e en canto a Rúa Coruña, creo que sería bo para todos. Con isto abrimos un segundo turno, antes de sometelo a votación. Eh... Gemi.

Sr. Varela Filgueiras: Si bueno, nós dicir que vamos a votar a favor desta modificación de crédito, aínda que non somos moi partidarios das modificacións e de utilizar o remanente de tesourería, pois quixeramos que o remanente quedara aí para facer obras de maior envergadura, pero tamén entendemos que unha vez que a Xunta de Galicia sorprendentemente nos concede unha subvención deste tipo, pois que non deberemos perdela e si hai que tirar do remanente e é certo que existe un reparo da interventora, pero tamén é un reparo non suspensivo, e por outra banda, bueno pois agradecerlle, a... hoxe, o voceiro do grupo Popular que recoñeza que en algúns casos votou a favor con Esquerda Unida, porque é certo que votou a favor modificacións de crédito, por máis de 800.000 €, que axudaron e moito a que romperamos ese teito de gasto e a estabilidade orzamentaria.

Sra. Alcaldesa: José Angel..

Sr. Martínez Bardanca: (que traducido di) Si, pois bos días, eu quería dicir un pouco, ao fío do que acaba de comentar agora o BNG, efectivamente non é esta a primeira modificación de crédito que vén, e máis que nada en canto que nos nomee a nós como colaboradores, bueno nós colaboramos co que nós pensamos que este POS, que é un proxecto, que é un proxecto moi interesante e entón entendemos que si, que se debe realizar, se non se aproba a modificación de crédito non se podía realizar, entón bueno, si iso é colaborar, si colaboramos, e en canto ás modificación de crédito, non é a primeira vez que se modifica o crédito, de feito bueno, aquí xa se informan de varias modificación de crédito, nas cales non houbo ningún tipo de cuestión por parte do Partido Popular, entón bueno, entendemos que non, non viu nada, nada estraño, sempre que haxa unha modificación de crédito e non haxa orzamento vai vir con, con un reparo de intervención, co cal pois tamén é, é normal que suceda, non. E logo bueno, pois gustárame que non se mesturasen temas, como que se mesturasen argumentos, non, porque eu antes na, como dicía o voceiro do Partido Popular que efectivamente, que si, si os investimentos non eran financeiramente sostibles ou si que o eran, creo que deberíamos diferenciar o que é un investimento financeiramente sostible ou a que haxa financiación para financiar un, unha inversión, creo que aí houbo unha especie de confusión, eu non vexo ningún, por ningún momento que, que se diga que isto é un, un, unha financiación, un investimento financeiramente sostible, porque esas son unha serie de, de inversións que teñen que ter unhas características en concreto non, e aquí pois creo que se está falando de outra cousa.

Sra. Alcaldesa: Eh.. Miguel

Sr. Mahía Prados: Si, bueno comezando polo final, polas intervencións do sr. Argemino e do sr. José Angel, eh... nós no 2015 tivemos un PEF en vigor, fixéronse modificacións e cumprimos co PEF, facer modificacións non está reñido con cumprir ou non a regra de gasto, iso é algo que temos que ter claro todos, non está reñido, eu non, nós non estamos en contra das modificacións orzamentarias, así como si que estamos en contra de utilizar os recoñecementos extraxudiciais de crédito como se isto fora o máis normal do mundo, hai que matizar estas cousas. Referente a modificación orzamentaria, xa o, xa o dixen antes, pódense facer modificacións orzamentarias, coma se son dun millón de euros, pero hai que cumprir despois coas que non pasan por este pleno, e que se fan con firma, e das que ningún de aquí temos coñecemento a non ser que se pasen por comisión, e recalco niso, ninguén o sabe, soamente o sabe a persoa que asina, que é quen a ordena, e... hai algo que estou de acordo co que dixo a Sra. Alcaldesa que, obviamente claro que é necesario este tipo de infraestruturas en Mugar dos, claro que é necesario adaptar esa casa, claro que é necesario dotar de servizos ós nosos veciños, e repito, nós non estamos en contra de que se faga, nós de feito apoiariámola, pero tamén é certo que é a primeira vez que un informe de intervención di que non se pode facer, porque non ten o PEF e non ten os AND. É a primeira vez que un informe de intervención declara un POS desfavorable, e vostede entendo que, que diga que rebaxe o ton, pero mire e que é o ton que teño, os que me coñecedes máis xa sabedes que eu son como son, e que levo moito isto de defender os meus veciños, por iso estou en política municipal, se nalgún momento se entende que poido falar un pouco alto ou tal, pido desculpas, tamén penso que é motivo do, dos micrófonos que temos, pero para finalizar hai

unha cousa Sra. Díaz que eu si que non quero deixar pasar por alto, a verdade non tiña pensado falar disto hoxe, estaba esperando o pleno da conta xeral, voulle ser sincero, vostede ten a mesma carta que teño eu, a mesma, e cando eu falo aquí de ilegalidades administrativas non estou dicindo nada que sexa mentira, esta bancada, polo menos a do Grupo Popular, non ten ningunha débeda con ninguén nin, nin ten medo porque hai que uns van sacar algo, vámoslos a denunciar, acabamos no xulgado e todas estas cousas, non mire, nós queremos que as cousas se fagan ben no Concello, queremos que se cumpra a lei e o marco normativo que nos dimos todos, e cando alguén di que no Concello de Mugar dos estanse levando a cabo, e alguén como quen o di, que non o di calquera, ilegalidades administrativas, eu non o tomo a guasa nin penso que eu nin ninguén da corporación sexa intocable, igual alguén si, pero ninguén é intocable e hai que respectar a lei. Nós votamos en contra hoxe do POS e desta modificación porque vai en contra do que dí a interventora que é funcionaria habilitada, vai en contra da normativa vixente e nós imos a respectar a lei. Se temos que facer menos cousas por respectar a lei, pois faremos menos cousas por respectar a lei, agora unha cousa que temos moi clara, nós durmimos perfectamente todas as noites, a nosa conciencia está moi tranquila, sabemos que respectamos escrupulosamente a legalidade vixente, eu creo que a bo entendedor poucas palabras bastan. Pido por favor sentidiño, sentidiño coa administración na que estamos hoxe aquí representados todos como pleno da corporación, por favor cumbran coa normativa, non digan que non avisamos.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Bueno, recollendo o por favor de Miguel Mahía, nós ímoslle pedir outro favor ao Partido Popular, e é que deixe de verter, que é o que está facendo, para tapar a súa incompetencia política e acusacións infundadas sobre ilegalidades administrativas. Por favor, eu non lle interrompín, pídlle o mesmo respecto, eh... a veces o cazador é cazado, a veces o cazador é cazado, por tanta insistencia, e... e polo tanto todos debemos de ser prudentes, non só porque todos durmamos ben, que estou seguro que os trece concelleiros que estamos aquí durmimos ben, que todos andamos coa cabeza levantada, por favor non cuchicheen, que todos andamos coa cabeza levantada, e que todos respectamos escrupulosamente a legalidade, e que polo tanto o Concello de Mugar dos, non só pola alcaldesa e o seu grupo de goberno, senón que tamén polos técnicos municipais, independentemente das opinións, erros e informes que se poidan facer está ben cuberto, sen necesitar o rogo do Partido Popular, pero que en todo caso lle agradecemos. Vemos que a dinámica vai a seguir sendo a mesma, pero xa lle digo, a veces o cazador é cazado por as súas propias ansias e polos seus propios desmáns, non de debater politicamente os proxectos que se traen, senón por intentar utilizar outras instancias do Estado, que por certo, deben de saber bastante na súa organización.

Dito isto, sométese a votación: votos a favor, en contra....

Sra. Alcaldesa: Levántase a sesión.

E non tendo máis asuntos para tratar, e sendo as doce horas e oito minutos do día ó comezo sinalado, pola Sra. Alcaldesa-Presidenta levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretaria accidental, dou fe.

Vº e prace
A ALCALDESA,